

sarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

21042 *ORDE APA/4089/2004, do 14 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 301, do 15-12-2004.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista A do Código Zoosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE). A súa propagación supón un perigo grave para os efectivos gandeiros e podería ter consecuencias moi desfavorables para as trocas comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2004/697/CE, da Comisión, do 14 de outubro de 2004, relativa a determinadas medidas de protección contra a febre catarral ovina ou lingua azul en España, e posteriormente mediante a Decisión 2004/762/CE, da Comisión, do 12 de novembro de 2004, pola que se modifica a Decisión 2003/828/CE no que respecta aos traslados de animais dentro dunha zona restrinxida de España e Portugal, e a partir dela, en relación cos focos de febre catarral ovina en España.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar, entre outras medidas, a prohibición cautelar do movemento e transporte de animais e produtos de orixe animal ou subprodutos de explotación, nunha zona ou territorio determinados ou en todo o territorio nacional, prohibición cautelar da entrada

ou saída daqueles en explotacións, ou a súa inmovilización cautelar en lugares ou instalacións determinados; prohibición ou limitacións da saída ou exportación do territorio nacional, de animais, produtos de orixe animal, produtos zoosanitarios e produtos para a alimentación animal, ou o cambio ou restricións do seu uso ou destino, con ou sen transformación; e, en xeral, todas aquelas medidas, incluídas a desinfección ou desinsectación, precisas para previr a introdución no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria, en especial daquelas de alta difusión, ou a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados, así como en situacións de grave risco sanitario.

De acordo co exposto, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, perante a súa aparición no territorio peninsular español. Estas medidas foron modificadas, á vista da evolución da enfermidade, e seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, mediante a Orde APA/3605/2004, do 4 de novembro, e posteriormente mediante a Orde APA/3851/2004, do 24 de novembro, que establece medidas específicas de protección contra a lingua azul.

En función da situación actual da enfermidade, procede unha modificación da mencionada Orde APA/3851/2004, en especial para restablecer a normalidade dos movementos de especies sensibles en e desde a anterior zona de seguranza, que agora se suprime, unha vez que as condicións epidemiolóxicas e climatolóxicas limitaron a supervivencia do vector transmisor da lingua azul, así como do virus da lingua azul. Razóns de seguranza xurídica aconsellan, dado o alcance das modificacións, a aprobación dunha nova orde, que derroga a anterior, o que facilitará a súa aplicación.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición final segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto da presente orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida: a Comunidade Autónoma das Illes Balears, a Comunidade Autónoma de Extremadura, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

1.º Comunidade Autónoma de Andalucía: as provincias de Cádiz, Málaga, Huelva, Sevilla e Córdoba; e as comarcas veterinarias de Jaén e Andújar na provincia de Jaén.

2.º Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha: as comarcas veterinarias de Oropesa, Belvís de la Jara, Talavera de la Reina e Los Navalmorales, da provincia de Toledo; e as comarcas veterinarias de Horcajo de los Mon-

tes, Piedrabuena, Almadén e Almodóvar del Campo, da provincia de Ciudad Real.

b) Zona libre: o resto do territorio nacional.

3. Para efectos do disposto na presente orde, os movementos de reses de lida desde explotacións situadas na zona restrinxida, con destino a espectáculos taurinos clasificados como corridas de touros e novilladas, terán a consideración de movementos a matadoiro.

Artigo 3. Zona restrinxida.

1. Poderanse autorizar os seguintes movementos de animais de especies sensibles de explotacións radicadas na zona restrinxida:

A) Movementos para vida.

Requisitos xerais:

Todo movemento para vida dos animais das especies sensibles procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida se realizará co cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga. Cando o destino dos animais sexa outra comunidade autónoma distinta da de orixe, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. En todo caso, sempre que os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente nas horas centrais do día ou da noite, e en todo caso fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Todos os animais sensibles obxecto de movemento serán previamente desinsectados ou tratados cun repelente. Nas explotacións de orixe terase procedido á desinsectación previa dos locais e da contorna en que permanezan os animais.

Ademais destes requisitos, segundo o destino dos animais, deberanse cumprir os seguintes requisitos adicionais en función do tipo de movemento:

1.º Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para vida ao resto do territorio nacional, e directamente a territorio doutros Estados membros logo de autorización do Estado membro de destino no dito caso, coas condicións que establece para o efecto a Decisión 2003/828/CE, da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina.

A este respecto, os ditos animais deberán estar marcados, cando vaian abandonar a zona de restrición para o seu movemento dentro de España, de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea. Esta marcación realizarase, ao menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, e no resto de ruminantes mediante unha marca auricular de cor vermella en que figurará, cando menos, a inscrición «LA» e o mes e o ano en que abandonen a zona de restrición.

2.º Os movementos para vida de animais sensibles dentro da zona restrinxida, entre diferentes comunidades autónomas, realizaranse unicamente cos requisitos xerais deste número. Non obstante, para os movementos de animais de reprodución e de becerros con destino para ceba, os animais deberán ser analizados con anticipación

ao movemento e obter resultado negativo, mediante as técnicas de ELISA e RT-PCR, nun número tal que asegure ao menos, o achado dun animal infectado cunha prevalencia do 30%, cun intervalo de confianza do 95%. O movemento deberase producir nos 10 días posteriores á toma de mostras

3.º A autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma poderá autorizar o movemento para vida de especies sensibles dentro do seu territorio, na zona restrinxida, de acordo cos requisitos adicionais que aquela estableza, se for o caso, para o efecto.

B) Movementos para sacrificio.

Requisitos xerais:

Todo movemento para sacrificio dos animais das especies sensibles procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida se realizará co cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite, e en todo caso fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais serán transportados directamente ao matadoiro para o seu sacrificio inmediato, baixo supervisión oficial, quedando prohibido o movemento a pé dos animais das especies sensibles. Cando o destino dos animais sexa outra comunidade autónoma distinta da de orixe, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. En todo caso, sempre que os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de enviar animais a el e notificará a súa chegada á autoridade competente en materia de expedición.

e) Cando os movementos para sacrificio teñan por destino matadoiros ou na prazas de touros localizados fóra da zona restrinxida da comunidade autónoma de orixe, no matadoiro ou na praza de touros de destino, así como na explotación de orixe, terase procedido á desinsectación previa dos locais e da contorna en que vaian permanecer os animais. Non obstante, a autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, poderá exceptuar da desinsectación previa do matadoiro de destino, cando este se encontre situado en zona libre, e non exista risco de presenza do vector.

Cando o dito movemento se refira a reses de lida, e se realice entre dúas comunidades autónomas, precisará autorización previa da autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino. Todos os animais sensibles da partida serán sacrificados na praza de destino, e os animais de especies sensibles e os da especie equina que vaian entrar en contacto con esa partida de animais de lida, deberán ter sido previamente desinsectados ou tratados cun produto repelente co obxecto de ficaren protexidos dos vectores. Os animais serán confinados en currais fechados até o momento da lida.

Ademais destas condicións, cando o movemento de animais se realice a matadoiros situados en zona restrinxida doutra comunidade autónoma, os animais obxecto de movemento terán sido desinsectados ou tratados cun produto repelente coa anticipación precisa, tendo en conta o período de supresión do produto empregado.

2. Prohíbese a saída de animais de especies sensibles de explotacións con focos ou localizadas no raio de 20 km arredor dos focos. Non obstante, a autoridade competente en función das circunstancias epidemiolóxicas,

xeográficas ou meteorolóxicas, poderá autorizar que os animais desa zona poidan saír a matadoiro para o seu sacrificio directo, localizados dentro da zona restrinxida da mesma comunidade autónoma, co cumprimento dos requisitos xerais do punto 1.B).

3. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, ou como documentación adxunta a el, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, nos casos en que así proceda, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas a eses animais, do desinsectante/repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se for o caso, tempo de espera), así como a identificación do precinto do medio de transporte.

4. Todo movemento de animais de especies sensíbles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade de destino cunha anticipación mínima de 48 horas.

Artigo 4. *Zona libre.*

Os movementos de saída, ou dentro da dita zona, de animais de especies sensíbles, tanto para vida como para sacrificio, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os animais de especies sensíbles destinados a trocas intracomunitarias ou movementos con países terceiros, desde explotacións situadas nas comarcas veterinarias das provincias de Toledo e Ciudad Real, ou nas comarcas veterinarias ou provincias da Comunidade Autónoma de Andalucía, non pertencentes en ambos os casos á zona de restrición restrinxida, así como desde explotacións situadas na provincia de Albacete ou nas comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda e Sotillo de la Adrada da provincia de Ávila, deberán ser analizados para detectar a presenza da lingua azul, mediante a técnica de diagnóstico ELISA, nos 10 días previos ao movemento, con resultado negativo.

Artigo 5. *Animais das especies equinas.*

Para os movementos de animais das especies equinas con orixe ou destino en explotacións da zona restrinxida, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Os animais obxecto de movemento terán sido desinsectados coa anticipación precisa. Así mesmo, os vehículos de transporte, deberán ser desinsectados antes da carga.

b) A carga e o transporte dos animais realizarase fóra das horas de máxima actividade do vector.

Artigo 6. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto na presente orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal,

sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde e, en especial, a Orde APA/3851/2004, do 24 de novembro, que establece medidas específicas de protección contra a lingua azul.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa e título competencial.*

A presente orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, a excepción da regulación relativa aos movementos con países terceiros, que se dita de acordo co previsto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia das medidas.*

As medidas dispostas na presente orde ficarán sen efecto a partir do 31 de xaneiro de 2005.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de decembro de 2004.

ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21141 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 254/2003, do 28 de febreiro, que modifica o Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, de regulación da circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos. («BOE» 302, do 16-12-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 254/2003, do 28 de febreiro, que modifica o Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, de regulación da circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 1 de abril de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 796 publícase de novo o anexo V do Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro: